

O CHEF OURENSÁN MARTÍN ÁLVAREZ PRESENTARÁ O XOVES EN CHINA O SEU “PROXECTO ESTRUGAS”

- O seu libro *45 recetas con ortigas*, publicado por Alvarellos Editora, é un dos tres finalistas mundiais dos premios Gourmand na categoría de mellor monográfico gastronómico.

O próximo xoves día 5 de abril, o chef ourensán Martín Álvarez presentará en Pekín o seu “Proxecto estrugas”. O cociñeiro galego viaxa á capital china como gañador dun premio Gourmand (considerados os “Oscar” dos libros gastronómicos) pola súa obra *45 recetas con ortigas* publicada o pasado ano por Alvarellos Editora.

Este libro foi recoñecido co Gourmand 2006 ao mellor monográfico español, e agora opta á final, pois o xurado internacional do premio acaba de dar a coñecer que *45 recetas con ortigas* é un dos tres finalistas mundiais nesta mesma categoría.

A décimosegunda edición dos Premios Gourmand desenvolverase entre os días 4 e 8 de abril no Hotel Dragon Spring de Pekín. Para a segunda xornada, o día 5 ás 15 horas, Martín Álvarez preparará unha mostra e degustación de varios pratos de cociña galega elaborados con estrugas de Ourense, coas receitas contidas no libro escrito por el.

O chef preparará, entre outros: polo en salsa de ostras con hortalizas e estrugas salteadas, empanada galega con estrugas, tortilla de estrugas sobre galleta mariñeira ou revolto de ovos e estrugas sobre tosta mariñeira.

O sábado día 7, durante a cea de Gala que ofrecen estes prestixiosos premios, darase a coñecer o gañador do mellor libro monográfico mundial do ano 2006.

Para contactar co autor Martín Álvarez: 661 926 549 (martinalvarez@edu.xunta.es)
Para contactar coa organización dos premios Gourmand: 91 541 67 68 (Óscar Yáñez)
Para contactar co editor Henrique Alvarellos: 609 90 88 52 (correo@alvarellos.info)

[Máis información en www.alvarellos.info]



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago de Compostela (GALICIA)
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52 Fax: 981 522 137